



# PLAN DE ENSINO VIRTUAL IES AFONSO X O SABIO

2021-2022

O Plan de Ensino Virtual do IES Afonso X O Sabio recolle as normas polas que se guiarán docentes, alumnos e familias no caso de que se producira, por causas sanitarias, o peche dunha ou varias aulas ou do centro completo.

### 1. Ferramentas educativas para as clases a distancia:

- Co alumnado da ESO utilizarase a plataforma EDIXGAL e poderanse tamén impartir clases por videoconferencia a través a través da ferramenta *Webex Meetings*.
- Para o resto do alumnado (BACH e FP) empregarase a Aula Virtual do IES, así como videoconferencias a través de *Webex Meetings*.

### 2. Horarios espello:

A distribución das sesión lectivas será a mesma que no horario habitual de cada grupo. Respectaranse os tempos de recreo asignados en cada horario e atenderase ás seguintes indicacións xerais:

- Cursos da ESO e BACHARELATO: As sesión lectivas de 50 minutos habituais repartiranse do seguinte xeito: nos primeiros 30 minutos de cada sesión producirase a conexión co alumnado a través de videoconferencia e desconectarase os 20 minutos restantes para a realización por parte do alumnado das tarefas asignadas.
- Cursos de 2º e 3º de PMAR: nas sesión lectivas das materias agrupadas por ámbitos, cando se trate de dúas sesión seguidas, 60 minutos adicaranse á explicación e 40 minutos serán para realizar os exercicios e traballo propostos. Nas materias impartidas nunha sesión de 50 minutos, o reparto será 30 minutos de explicación por parte do profesor e 20 minutos de realización de exercicios.
- Cursos de FPB e CICLO MEDIO e CICLO SUPERIOR:
  - Nos módulos que teñen bloques de dúas sesións, 60 minutos adicados á explicación e 40 minutos para os exercicios e traballo propostos.
  - Nos módulos nos que se imparte unha sesión, o reparto será 30 minutos de explicación por parte do profesor e 20 minutos de realización de exercicios.

**3. Normas de obrigado cumprimento:** As sesión lectivas a distancia estarán suxeitas ao Regulamento de Réxime Interno vixente no centro, coas seguintes especificacións adicionais, marcadas en cor azul.

3.- CONDUCTA EN CLASE: Durante a clase o/a alumno/a deberá comportarse adecuadamente. O condutor da clase é o docente e el debe dirixila. O alumnado debe gardar as normas de disciplina:

- a) Durante a clase non debe haber risas indebidas, gritos, ruídos, alborotos, etc. A clase por videoconferencia seguirá a mesma norma. Non está permitido empregar o chat para comunicarse entre compañeiros sen permiso do profesor/a.
- b) O Docente cede ou retira a palabra: o alumnado non debe falar cando o docente así o dispoña.
- c) En ningún caso se permitirán condutas inadecuadas dun centro educativo: linguaxe groseiro, xestos o posturas irrespetuosas, falta de consideración e respecto ó docente e ós/ás compañeiros/as. **Inclúese neste apartado toda participación nos chats durante a videoconferencia que non teña sido autorizada polo docente encargado da sesión lectiva.**
- d) O alumnado debe facer os traballos que para a súa educación indiquen os docentes.
- e) O alumnado non poden ter na clase cuberta a cabeza con gorros, capuchas, biseras, sombreiros, etc. **No caso de clases telemáticas, deberase atender a obriga de identificación do alumnado utilizando de forma correcta a cámara web ou calquera dispositivo que permita a correcta identificación do alumno/a.**

5.- USO DE APARELLOS ELECTRÓNICOS E TELÉFONOS MOVEIS: O alumnado non debería traer ao Centro aparellos electrónicos (MP3, consolas de videoxogos, cámaras fotográficas, teléfonos móbeis, ...).

No caso de que o/a alumno/a traia un teléfono móbil (ou calquera outro aparello), este deberá estar apagado e non se admitirá que estea operativo (aínda que estivese en silencio). **Non se permitirá a utilización destes aparellos electrónicos durante as sesión telemáticas cando se empreguen para un uso non didáctico non indicado polo docente. A utilización para captar e/ou difundir a imaxe do docente por calquera medio sen o seu permiso expreso dará lugar a sanción e poderá acarrear incluso denuncia penal.**

O incumprimento desta norma será considerado como falta leve ou grave segundo as circunstancias e de repetirse aplicarase o presente regulamento, graduando de menos a mais as sancións impostas: amoestación verbal e/ou escrita, limpeza do Centro, suspensión do dereito de asistencia ao Centro ata tres días, expediente disciplinario, ...)

7.- ASISTENCIA A CLASE: A asistencia a clase é obrigatoria e é requisito indispensable para aplicar os criterios xerais de avaliación e avaliación continúa. O profesorado terá a obriga de controla-la asistencia do alumnado, cumprimentando **telemáticamente a ausencia en Xade**. O control das faltas realizarase segundo procedemento establecido polo Equipo Directivo coa aprobación do Claustro. Os pais/nais/titores legais terán un prazo máximo de 48 horas despois da reincorporación ás clases do/a seu/súa fillo/a, para xustificar as faltas mediante o correspondente documento oficial.

8.- PUNTUALIDADE: Catro faltas de puntualidade **por motivo non xustificadas** consideraranse como unha falta leve.

12.- AGRESIÓNS: Non se permitirán agresións ou pelexas de ningún tipo. **Tampouco se tolerarán comentarios verbais ou escritos irrespetuosos co docente ou resto do alumnado durante as conexión por videoconferencia.**

15.- Non se pode traer, difundir ou exhibir material pornográfico ou que sexa claramente homófobo, sexista, racista ou degradante da condición humana. **A mesma prohibición aplicarase ás clases por videoconferencia.**

**4. Difusión do Plan de Ensino Virtual:** o Plan publicárase na páxina web do instituto para a súa consulta polo alumnado e as familias. De producirse a suspensión de clases presenciais en todo o centro ou nunha ou varias aulas, avisarase de tal circunstancia mediante Abalar Móbil e o Plan entraría en vigor de maneira inmediata.

Se se dera o anterior suposto, corresponderalle ao profesorado titor de cada grupo:

- a actualización dos datos sobre problemas de conectividade do seu alumnado e a transmisión a Dirección desa información.
- a convocatoria dunha sesión informativa de forma telemática coas familias da súa titoría para explicar o funcionamento das ferramentas de ensino a distancia contempladas, así como o desenvolvemento concreto do horario do grupo.